

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

2077 *Real decreto 102/2009, do 6 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 1799/2003, do 26 de decembro, polo que se regula o contido das listas electorais e das copias do censo electoral.*

A Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, no seu artigo 41.1 di: «Por real decreto regularanse os datos persoais dos electores, necesarios para a súa inscrición no censo electoral, así como os das listas e copias do censo electoral».

Pola súa banda, o artigo 41.5 dispón: «Os representantes de cada candidatura poderán obter o día seguinte ao da proclamación de candidaturas unha copia do censo do distrito correspondente, ordenado por mesas, en soporte apto para o seu tratamento informático, que poderá ser utilizado exclusivamente para os fins previstos nesta lei. Alternativamente os representantes xerais poderán obter nas mesmas condicións unha copia do censo vixente dos distritos onde o seu partido, federación ou coalición presente candidaturas. Así mesmo, as xuntas electorais de zona disporán dunha copia do censo electoral utilizable, correspondente ao seu ámbito.»

En particular, os datos que se facilitan ás candidaturas e ás xuntas electorais de zona están regulados no artigo 5 do Real decreto 1799/2003, do 26 de decembro, polo que se regula o contido das listas electorais e das copias do censo electoral, entre os cales non se inclúe o número de identificación persoal (DNI, pasaporte ou inscrición no Rexistro Central de Estranxeiros).

Para facilitar a identificación dos electores polas xuntas electorais de zona, para a realización das xestións que a Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, lles atribúe, engádese un novo parágrafo ao artigo 5 do Real decreto 1799/2003 para incluír o número de identificación persoal nas copias que a Oficina do Censo Electoral lles facilite ás xuntas electorais de zona.

Este real decreto recibiu informe favorable da Xunta Electoral Central na súa sesión do 15 de xaneiro de 2009.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Economía e Facenda e do Interior, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de febreiro de 2009,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1799/2003, do 26 de decembro, polo que se regula o contido das listas electorais e das copias do censo electoral.*

Agrégase un novo parágrafo ao artigo 5. Copias do censo electoral:

«Nas copias para as xuntas electorais de zona incluírase o número do identificador persoal: documento nacional de identidade, pasaporte ou inscrición no Rexistro Central de Estranxeiros.»

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de febreiro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ